

Durme que te arrulo yo-e,  
si te yo no arrulara

...

*VI 32*

Eu arrulei o meniño,  
i eu arruleino moi ben-he,  
i eu arrulei o meniño  
i a outros lévanlle o que ten-he.

*VI 33*

Dúrmete que te hei de arrular-e  
que ti tes moito soniño  
i eu heite de adormentar-e.

Os rapaciños pequenos  
é lle preciso cantar-e

...

O cantar dos arrieiros  
é un cantar moi baixiño  
cántanno en Ribadavia  
resona no Carballiño.

Ai, que cantar pra unha ronda  
ai, que cantar pra un rondar-e  
ai, que cantar pra unha ronda  
quen o soubera cantar-e.

*VI 98*

Viva quen me a min axuda  
i e mais que me ha de axudar-e  
vivan os da miña terra  
e mailos do meu lugar-e.

*VI 173a*

Voy a dar la despedida  
y a todos en general-e  
que mi corazón no puede  
con ninguno quedar mal-e.



En el lugar de Liñares  
hai unha fonte moi fría  
buena fuente debe ser-e  
que buenas muchachas cría.

*VI 357*

Ahora que nos xuntamos  
nós e mailos dalá arriba  
ahora que nos xuntamos  
viva a nosa compañía.

*VI 1632*

Viva la tierra que yo piso,  
viva la que estoy pisando,  
vivan las señoras todas  
que me están acompañando.

Aquí todos, aquí todos,  
arredor do meu sombreiro  
heivos de casar a todos  
i eu hei de quedar solteiro.

O lugar de Liñares  
terra de moito placer-e  
ten un loureiro no medio  
que fumega sin arder-e.

*VI 270c*

Moito baila moito baila  
ai, o do romendo no cú-e  
quen cho botou lapardeiro  
quen cho botou fuches tú-e.

*VI 1730*

Os rapaces das ovellas  
todos se queren casar-e  
pobrecitas das ovellas  
como se han de agarrimar-e.